

**Evidencia de:**  
Grado en Linguas Extranxeras

# SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Denominación del Título**  
Grao en Linguas Estranxeiras

**Centro**  
Facultade de Filoloxía e Tradución

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Autoinforme provisional. Órgano de aprobación**  
Comisión de Calidade

**Fecha**  
10 / 31 / 2013

**Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación**

**Fecha**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descrición del título

**ID del título**

1008/2009 Grao en Linguas Estranxeiras

**Rama de conocimiento**

Artes e humanidades

**Universidade solicitante**

Universidade de Vigo

**Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**Centro/s donde se imparte el título**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:**

**UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:**

**Tipo de educación**

Presencial e semipresencial

**Régimen de estudos**

Total e parcial

**Periodicidad de la oferta**

Anual

**Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

50

**Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante y período lectivo**

Plano de estudos deseñado para que sexa realizado en cursos consecutivos de 1º a 4º. Número máximo de créditos por matrícula será de 30 ao semestre e 60 por curso. Non se establece un número mínimo de créditos por curso no réxime a tempo

**Normas de permanencia**

A normativa de permanencia actualizada está no seguinte enlace:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm\\_perm\\_grao\\_master.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_master.pdf)

**Información sobre la expedición de suplemento al título**

Consúltense os seguintes enlaces:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral\\_es/\\_galeria\\_descargas/normativa\\_reguladora\\_de\\_tramitacion\\_do\\_suplemento\\_europeo\\_ao\\_titulo.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf)

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html), e máis directamente:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real\\_dec\\_exp\\_titulos.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf)

**Responsable del título**

María Rosa Pérez Rodríguez

**Coordinador/a del título**

Ana Bringas López

**Correo electrónico del/de la responsable del título**

rosa@uvigo.es

**Fecha de verificación del título**

24 / 06 / 2009

**Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros**

30 / 10 / 2009

**Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia**

27 / 08 / 2009

**Fecha de inscripción en el RUCT**

05 / 01 / 2010

**Fecha de publicación en el BOE**

05 / 01 / 2010

**Curso de Implantación**

2009-10

**Modificaciones autorizadas****Fecha de la última acreditación**

24 / 06 / 2009

**Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título**

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

**Memoria vigente del título**

memoria Grado\_en\_Lenguas\_extranjeras.pdf

## Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A páxina web do centro recolle información completa sobre todos os aspectos do título. Nela aparecen claramente os seus responsables.

Non houbo cambios no tipo de ensino, segue a ser presencial e semipresencial, aínda que, debido á aprobación do Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, houbo que aumentar o número de prazas ofertadas de 30 a 50.

A normativa de permanencia está accesible na páxina web da facultade, no apartado "Información académica". Foi aprobada en marzo de 2013.

Neste grao non se tivo que atender a ninguén con necesidades educativas especiais.

A información sobre o suplemento europeo ó título está accesible no apartado de Descrición correspondente á información sobre calidade.

Non houbo cambios no equipo decanal.

O equipo decanal pretende mellorar de forma continuada a información fornecida pola páxina web do centro. Antes de febreiro de 2014 haberá un cambio salientable no deseño da páxina web.

### **Buenas prácticas**

Mellora continua da información da páxina web.

### **Propuestas de mejora**

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Unha vez implantados os catro cursos da titulación, valoramos o cumprimento deste criterio dun xeito satisfactorio. O interese académico científico e profesional do título continúa estando xustificado, na liña apuntada no apartado 2.1 da Memoria de solicitude de verificación. Igualmente, os referentes externos sinalados na Memoria continúan avalando a adecuación da titulación a criterios nacionais e internacionais.

A nosa valoración está avalada polo aumento continuado de estudantes de novo ingreso que se veñen matriculando nos sucesivos cursos dende o inicio da titulación. Do mesmo xeito, as enquisas de satisfacción, tanto as realizadas pola Universidade de Vigo coma as internas da titulación, revelan un índice elevado de satisfacción, non só no alumnado de todos os cursos senón tamén no profesorado.

**CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO**

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.

A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública.

2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.

A Comisión de Calidade aprobou un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos.

3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.

Fíxose un informe sobre a avaliación dos tres cursos implantados. Véxase apartado 5 (Planificación das ensinanzas). A coordinadora revisa o sistema de avaliación de cada materia e axéitano, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade en 2010.

4. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema da planificación.

4,24/7,00. ???

5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.

Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.

6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso. Non hai queixas do alumnado de novo ingreso neste título.

7. Índice de satisfacción igual ou superior o 4,2/7 puntos no programa de acollida realizado. 3,59/7,00. Non se cumpre o obxectivo. Con todo, entendemos que este indicador non reflicte totalmente o grao de satisfacción do alumnado xa que a enquisa se lle fai a todos os cursos. O alumnado de 2º, 3º e 4º non debería responder a este ítem.

8. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o PAS da Facultade. 4,63/7,00.

Cúmprese o obxectivo e supérase a puntuación obtida o ano pasado (4,16).

9. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre recursos para a aprendizaxe. Indicador

75: 4,08/7,00. Non se cumpre o obxectivo, aínda que se achega. Hai unha baixada con respecto ó ano anterior.

10. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou.

Non se pode avaliar por non aparecer ningún apartado específico nas enquisas de satisfacción. Con todo, presentamos unha media dos indicadores 74, 75: 4,38/7,00 puntos.

11. Igualar ou superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente (sobre 5). En outubro de 2013 aínda non hai datos sobre este punto.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a tódolos membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013.

### Buenas prácticas

### Propuestas de mejora

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas

Revisión dos obxectivos de calidade

### Breve descripción de las modificaciones



**Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Justificación. Plan de mejora****Denominación de la propuesta**

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas. / Revisar os obxectivos de calidade do centro.

**Punto débil detectado**

O alumnado non participa nas enquisas. / Cómpre iniciar a revisión dos obxectivos de calidade para axustalos á realidade da Facultade.

**Ámbito de aplicación**

Centro

**Responsable de su aplicación**

Decanato / Comisión de Calidade

**Objetivos específicos**

Conseguir que o alumnado se implique directamente nas enquisas e non realice un boicot delas tal e como pasou o ano pasado.

Os actuais obxectivos de calidade do centro avalían moitos aspectos ligados a enquisas do alumnado. É necesario revisalos e engadir posiblemente outros que reflectan de mellor maneira os procesos de calidade implantados no centro.

**Actuaciones a desarrollar**

Reunión co alumnado sobre as enquisas.

Discusión na Comisión de Calidade das suxestións enviadas polos membros da facultade sobre os obxectivos de calidade.

**Periodo de ejecución**

Curso 2013-14

**Recursos / financiamiento**

Sen custo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A coordinadora da titulación e a Comisión de Calidade non consideraron necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais por entenderen que estes seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación xeral. Durante o presente curso, e unha vez rematada a implantación do título, iniciárase un proceso de reflexión adquisición de competencias e do cumprimento dos obxectivos, por se fose preciso realizar algunha modificación neste apartado da memoria.

As competencias, xa que non se variaron, seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007 e seguen destacando a formación xeral correspondente a un título de grao.

A coordinadora comprobou, mediante a revisión das guías docentes, que todas as competencias xerais e específicas do título foron tratadas nas materias do programa formativo. Todas as competencias específicas do grao, así como as transversais, están traballadas como mínimo nunha materia e sempre de acordo coas estipulacións da memoria de verificación do título.

**RESULTADOS ACADÉMICOS**

Para avaliar os resultados académicos temos en conta os resultados da avaliación. Entendemos que toda persoa que non

se presentou a unha materia ou a suspendeu non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superala.

Nº de materias con 100% de aprobados: 2

Nº materias con 75-100% de aprobados: 35

Nº materias con 50-75% de aprobados: 17

Nº materias con menos do 50% de aprobados: 1

Materia con menor nº de aprobados do título: Historia do primeiro idioma estranxeiro: Inglés cun 48,48%

Unha análise comparativa destes resultados académicos cos resultados do curso anterior revela que aumentou significativamente a porcentaxe de aprobados nas materias: unicamente unha materia non acadou o 50% de aprobados (aínda que está próxima a esta porcentaxe, cun 48,48%), fronte ás 9 materias que non o acadaron no curso anterior. Débese ter en conta, ademais, que no curso 2012-2013, cos catro anos implantados, houbo un total de 54 materias (fronte ás 36 materias do curso 2011-12), polo que a mellora nos resultados é cuantitativamente importante. Isto responde ao traballo de revisión coordinada de obxectivos, metodoloxías e sistemas de avaliación levado a cabo polo profesorado e a coordinadora da titulación.

#### ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

Coñozo e estou satisfeito cos obxectivos xerais do plan de estudos: 4,38. Continúa a observarse unha suba constante con respecto aos anos anteriores: 2011-12: 4,16; 2010-11: 4,05.

As guías docentes das materias son accesibles e coherentes cos obxectivos do plan de estudos: 5,04. Obsérvase unha suba significativa con respecto ao curso 2011-12 (4,52) e ao 2010-11 (3,15).

O profesorado di que coñece e está satisfeito cos obxectivos xerais do título: 6,09. Isto representa tamén unha suba significativa con respecto ao 5,49 acadado o ano anterior ou o 4,73 de 2010-11.

As enquisas de alumnado e profesorado continúan a ter unha participación moi baixa e, de feito, no curso 2012-13 produciuse unha lixeira baixada na participación do alumnado (27,40%) con respecto ao ano anterior (30,28). Pola contra, o profesorado aumentou a súa participación (42,36%) con respecto ao curso anterior (31,25%), aínda que continúa algo lonxe de acadar unhas porcentaxes que permitan considerar as enquisas verdadeiramente significativas.

Como xa se sinalou no informe do ano pasado, continuamos observando no profesorado un elevado grao de reticencia e desafección con respecto ás enquisas e en xeral todo o sistema de calidade, que se xustifica na saturación de xestión burocrática que resta tempo para a actividade docente e investigadora. Por outra banda, malia os esforzos de divulgación do SIGC por parte do Decanato e da coordinadora da titulación, o alumnado continúa sen se implicar no sistema.

Para paliar parcialmente esta falta de interese, a coordinadora realizou unha enquisa propia entre o alumnado do grao. A enquisa constou de 20 preguntas e realizouse durante o tempo de aulas, polo que a participación do alumnado foi bastante satisfactoria. Estas enquisas reflicten unha situación moi semellante á das enquisas levadas a cabo pola Universidade no referente aos niveis de satisfacción do alumnado de todos os cursos coa titulación e co profesorado.

#### PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

No curso 2012-13 observouse unha baixada considerábel na participación do alumnado no PAT. Houbo unha escasa asistencia ás xuntanzas convocadas. Haberá que pescudar os motivos polo se produce esta falta de interese.

Con todo, en setembro de 2013 implantouse un sistema de control das titorías a través da plataforma de teledocencia FAITIC na que participan todo o alumnado e todo o profesorado titor. Serve para ter un contacto máis directo co alumnado e, así, poder detectar as incidencias dunha maneira rápida. Cremos que esta ferramenta informática servirá para transmitir a idea de que o PAT funciona e axuda a mellorar a docencia. Non se presenta como plano de mellora, xa que se puxo en funcionamento a principios de setembro

No apartado de resultados previstos, faise unha pequena reflexión sobre o TFG relacionado coa taxa de graduación. Pódese consultar tamén o documento anexo nesta páxina (TFG2013\_NOTAS).

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

- Redacción dun protocolo para fixar prazos de resposta ás incidencias xurdidas no marco do PAT. Levouse a cabo unha revisión do regulamento do PAT, no marco do cal se elaborou un protocolo que establece un prazo máximo de 10 días para a resolución das incidencias detectadas a través do PAT.

- Elaboración dunha enquisa propia ao alumnado redactada pola coordinadora do Grao e realizada en horario de aulas, co fin de acadar unha maior participación do alumnado no proceso de autoavaliación do título de xeito que os resultados sexan máis fiables. Realizouse a enquisa ao remate do curso coa participación do alumnado presente nas aulas.

### **Buenas prácticas**

Enquisa propia do título por parte da coordinación do grao.

### **Propuestas de mejora**

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2013.docx

RESULTADOS ACADÉMICOS E SATISFACCIÓN POR MATERIAS - LE.rtf

TFG2013\_NOTAS.docx

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso e tamén para os estudantes unha vez matriculados.

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade ([http://uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://uvigo.es/uvigo_gl/estudos/)), na páxina web do título e na páxina web da Facultade (<http://webs.uvigo.es/centros/fft/>).

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publicado na memoria ([www.uvigo.es/uvigo\\_gl/estudos/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/))

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é moi satisfactorio. Nos catro anos de implantación do grao, a matrícula superou as expectativas e todos os anos foi superior ás 40 prazas de novo ingreso previstas (2012-13: 58). Isto

lévanos a pensar que as estratexias de promoción do grao e captación de alumnado son correctas.

Durante o curso 2012-13 continuouse a desenvolver o “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo”, aprobado pola Comisión de Calidade do centro. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados.

Os obxectivos principais do plano de promoción e captación da FFT no que atinxe aos graos son os seguintes:

1. Proporcionarlle información e orientación ao alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro. Para este e outros fins a facultade publicou información na páxina web do centro e tamén distribuíu folletos informativos.
2. Mostrarlles ás futuras/os estudantes as actividades e instalacións do centro e presentarlles os contidos das titulacións que se imparten nel. Así, leváronse a cabo visitas guiadas ao centro para estudantes de secundaria no mes de marzo.
3. Proporcionarlles información actualizada, fiable e de primeira man ás orientadoras/es de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se axeitan a elas. As accións propostas para este obxectivo son a organización de charlas informativas para orientadoras/es de secundaria e o envío de información escrita ás orientadoras/es de secundaria e ciclos formativos. No curso 2012-13 enviáuselles a todos os institutos das provincias de Pontevedra e Ourense a devandita información en forma de trípticos e carteis.

Ademais de todas estas medidas de promoción e captación, o centro realiza unhas xornadas de benvida de libre acceso ao inicio de cada curso para os diferentes títulos de grao e posgrao. No curso 2012-13 estas xornadas foron os días 4 e 5 de setembro.

No primeiro día das xornadas de benvida a decana do centro inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. A continuación, o secretario da Facultade presentou a páxina web da Facultade ao alumnado. Seguidamente as/os coordinadoras/es dos graos presentaron cadanseu grao. Tras esta presentación o servizo de biblioteca fixo una visita guía polas instalacións da facultade e da biblioteca e presentou o acceso web á biblioteca (catálogo, empréstimo, consulta en liña...). No segundo día de actos de benvida tivo lugar a presentación da Unidade de Igualdade, da Oficina de Relacións Internacionais, das actividades culturais da Universidade, do Servizo de Deportes da UVigo, da man do director de área do Servizo de Deportes, cunha visita ás instalacións do Servizo de Deportes do campus de Vigo. Para concluír, presentouse o Plano de Acción Titorial, coa asignación de titoras/es aos diferentes grupos de alumnado. Finalmente, estas xornadas remataron cunha serie de reunións do alumnado coas respectivas titoras/es do PAT nos lugares indicados.

Outro factor para avaliar este apartado de acceso e admisión sería o relacionado cos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado do título. O alumnado avaliou o acceso e admisión de estudantes cun 4,95, unha lixeira suba con respecto ao ano anterior (4,32). Outros ítems avaliados neste apartado amosan unha tendencia á suba do grao de satisfacción do alumnado: “coñezo os criterios e os procedementos de admisión de estudantes” (5,28 fronte a 4,96 en 2011-12); obsérvase unha lixeirísima baixada no ítem “estou satisfeita/o cos programas de mobilidade do centro” (de 4,83 en 2011-12 a 4,59 en 2012-13), aínda que segue a ser unha puntuación bastante satisfactoria. Canto ás accións de orientación (programas de apoio, atención a diversidade, inserción no mundo laboral, acollida, actividades culturais) obsérvase unha maior satisfacción do alumnado (3,59 fronte ao anterior 2,92), aínda que a valoración deste ítem segue sendo mellorábel.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

- Mellorar as accións de apoio e orientación. A dirección do centro, a coordinación do grao e a Comisión de Calidade continúan a reflexionar sobre como mellorar este aspecto.
- Incluír no programa de acollida do novo alumnado información sobre a Unidade de Igualdade e sobre atención á diversidade na UVigo. Na xornada de benvida do presente curso académico, a directora da Unidade de Igualdade da UVigo foi convidada a participar preséntandolle ao alumnado os obxectivos e as actividades desenvolvidas pola Unidade.

#### Buenas prácticas

#### Propuestas de mejora



**Breve descripción de las modificaciones**

**Justificación de las modificaciones**

IT03-PC03-Plan de Captación (1).docx

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010.

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na memoria do título.

O carácter e denominación das materias está publicado na memoria do título.

O sistema de avaliación axústase á normativa da Universidade de Vigo.

Consideramos que o grao de cumprimento da planificación das ensinanzas é satisfactorio en termos xerais, unha vez rematada a implantación do título. Isto non implica que non haxa algúns aspectos susceptíbeis de mellora nos que é preciso continuarmos traballando.

Outro aspecto positivo é que a presencialidade do grao non é excesiva (32-33% das horas de traballo total do alumnado), o que permite que o alumnado dispoña de tempo suficiente para o estudo, a lectura e a realización dos traballos asignados. Nestes primeiros anos, o horario, ademais, estivo concentrado de luns a xoves para deixar máis tempo libre para o traballo persoal. Non obstante, unha vez extinguidas por completo as licenciaturas, valorouse a conveniencia de estender o horario de luns a venres para evitar certa desconexión observada no alumnado durante o día lectivo sen aulas.

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, o visto e prace do Departamento que ten asignada a docencia da materia e a aprobación final en Xunta de Facultade. A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo, no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

Na reunión da Comisión de Calidade de xullo de 2013 analizáronse os sistemas de avaliación das guías docentes e fixéronse as seguintes recomendacións:

- 1) que se evite a fragmentación dos ítems de avaliación. Non se deberían avaliar máis de 5.
- 2) que as porcentaxes asignadas á avaliación non baixen do 5-10%. Desta maneira, evitaríanse porcentaxes irrelevantes.

O 15 de marzo de 2013, no Salón de Graos da Facultade, celebrouse unha xornada sobre avaliación na que participaron Lara Domínguez Araújo (Dept. de Tradución e Lingüística), Carles Monereo (Universitat Autònoma de Barcelona), Patricia Sotelo (Dept. de Tradución e Lingüística), Inmaculada Báez (Dept. de Lingua Española), Maite Veiga (Dept. de Tradución e Lingüística). Tratáronse temas como: avaliación para a aprendizaxe, a avaliación por competencias na Universidade, a avaliación por rúbricas, o portafolio e a autoavaliación e a avaliación baseada en proxectos.

#### ENQUISAS DE SATISFACCIÓN 2012-13

##### Alumnado

Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino: 4,31 (11-12: 4,24). Lixeira suba, que se mantén constante dende o primeiro ano de enquisas.

Grao de satisfacción cos recursos de apoio ó ensino: 4,39 (11-12: 4,29).

##### Profesorado

Grao de satisfacción do PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino: 5,76 (11-12: 5,17).

Grao de satisfacción cos/coas estudantes: 5,38. Suba importante con respecto ao ano anterior, 2011-12: 4,26.

As enquisas de alumnado 2012-13 revelan un aumento do grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino (4,31 //11-12: 4,24),

Pola contra, o profesorado avalía moi positivamente a coordinación entre o profesorado, un ítem que continúa experimentando unha suba constante (5,58 //11-12: 5,15) e en xeral aumenta tamén a súa valoración do alumnado (5,68//11-12: 5,15). Algúns aspectos do alumnado reciben unha valoración menos positiva, aínda que se observa unha mellora con respecto ao ano anterior: utilizan habitualmente as horas de titoría (3,45//11-12: 2,23), preocupáanse de comentar co profesorado os resultados das avaliacións (3,91//11-12: 3,08).

#### MOBILIDADE DE ALUMNADO

Alemaña: 5

Reino Unido: 11

Turquía: 1

Polonia: 1

Grao de satisfacción cos programas de mobilidade do centro: 4,54 (11-12: 4,83)

Obsérvase unha redución na participación do alumnado nos programas de mobilidade con respecto aos anos anteriores (18 estudantes, 11-12: 26 estudantes). A falta de datos cualitativos que expliquen este descenso, podemos supoñer que a

deterioración da situación económica das familias está a influír nas posibilidades académicas do alumnado, xa que as bolsas de mobilidade só cobren parcialmente os gastos da estadia no estranxeiro. Con todo, a satisfacción cos programas de mobilidade mantense nuns niveis satisfactorios.

Durante este curso producíronse algunhas incidencias derivadas da aplicación da normativa de permanencia da UVigo. Malia afectaren a un número moi reducido de estudantes, estes problemas supuxeron que varias estudantes cun expediente destacado non puideron graduarse ao final do cuarto ano por non poderen matricular a totalidade dos créditos que lles restaban. Trátase de alumnado que cursou no Reino Unido os estudos correspondentes ao seu terceiro ano (2011-12) mediante programas de mobilidade Erasmus. Ao volveren á UVigo parte dos créditos cursados e superados non lles foron validados por materias de 3º por non haber materias similares. Tampouco se lles puideron validar por materias optativas de 4º por non estaren aínda implantadas. Así, os créditos que lles restaban para concluíren os seus estudos de grao superaban os 75 créditos que pode matricular anualmente un/ha estudante, conforme á normativa de permanencia da UVigo. Como consecuencia, as estudantes afectadas víronse incapacitadas para matricularen os seus TFG e, así, graduárense co alumnado da súa promoción. O Decanato tentou inutilmente que a Reitoría considerase estes casos de maneira excepcional, dado que esta situación non se vai volver repetir, unha vez implantada a totalidade da titulación. Consideramos que a actuación da Reitoría non foi adecuada neste caso e que a súa decisión pode ter pesado na baixada da satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade.

Igualmente, outra cuestión que dificulta o desenvolvemento satisfactorio dos programas de mobilidade é a diverxencia entre os calendarios académicos da UVigo e de moitas universidades europeas. Esta diverxencia é moi acusada nalgúns casos, especialmente nas universidades alemás, onde os cuadrimestres comezan moito máis tarde ca aquí. Isto dificulta que o alumnado poida presentarse aos exames da 2ª edición de actas (xullo), debido a que xullo é aínda período de aulas en Alemaña. A diversidade do calendario provoca tamén que o alumnado Erasmus alleo se incorpore ás aulas da UVigo con moito retraso, ás veces até un mes, o cal imposibilita ou dificulta en gran medida a súa participación na avaliación continua.

A Comisión de Calidade continúa a facer un seguimento do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando. A análise xeral do sistema de avaliación das materias do grao realizada no curso anterior permitiu identificar algúns parámetros que garanten que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas. No curso 2012-13 non se detectaron problemas neste sentido.

No ano 2012-13, coa implantación do cuarto curso do grao, introduciuse por primeira vez a materia de Tráballo de Fin de Grao. Esta materia desenvólvese a partir dunha normativa xeral aprobada polo Consello de Goberno da UVigo, cuxos aspectos concretos se perfilaron despois nun Regulamento de Tráballo de Fin de Grao propio da Facultade de Filoloxía e Tradución. En xeral, o profesorado manifestou bastante insatisfacción polo feito de que esta materia non se incluíse no POD, senón que a dirección dos traballos se recoñece a posteriori mediante 5 horas de recoñecemento docente no POD do curso seguinte. A insatisfacción plasmasse, por exemplo, no feito de que ninguén se quixo facer cargo da elaboración da guía docente da materia TFG, que finalmente tivo que elaborar a coordinadora da titulación. Igualmente, o profesorado manifestou o seu rexeitamento do feito de que a UVigo non asigna recoñecementos pola avaliación dos traballos, a pesar de que a avaliación está considerada unha obriga docente (estes recoñecementos foron asignados polo centro, a proposta do equipo directivo).

O desenvolvemento da materia TFG previsto pola normativa da UVigo non contemplaba docencia presencial. Isto suscitou moitas queixas por parte do alumnado, para quen unhas horas de docencia presencial con contidos metodolóxicos resultan fundamentais antes de acometeren a elaboración do traballo. As queixas do alumnado foron recollidas nas xuntanzas coa coordinadora e co profesorado titor do PAT.

A comezos do presente curso, está previsto que se avalíe a experiencia do TFG para ir corrixindo as eivas que se detecten. En principio, non se prevén modificacións substanciais do procedemento.

#### Resultados TFG:

Matriculados: 11/ Presentados: 11

SUSPENSO APROBADO NOTABLE SOBRES. MH TOTAL

MAIO 0 0 0 4 0 4

XULLO 0 1 3 2 1 7

TOTAL 0 1 3 6 1 11

Media de notas por grao:

GE LE TI

Maio 8,57 9,25 7,75

Xullo 7,5 8,35 6,40

Total 8,03 8,80 7,07

Como se bota de ver, os resultados desta convocatoria son excelentes. O Decanato convocou unha reunión cos presidentes dos tribunais de avaliación para analizar estes resultados e propoñer melloras. Unha delas consistirá nunha xuntanza co alumnado e co profesorado para explicar polo miúdo as condicións de realización deste traballo. Tamén se pretende aclarar algunhas cuestións que xurdiron na defensa pública: duración das intervencións, adecuación das liñas ofrecidas polos departamentos ós obxectivos dun traballo de fin de grao, calidade dos traballos presentados, etc.

No curso 2012-13 tamén se recolleron reiteradas queixas tanto do alumnado coma do profesorado sobre a insuficiencia das horas prácticas. As materias de 6 créditos estaban organizadas en 2 horas teóricas e 1 hora práctica semanal. Esta organización respondeu ás restricións impostas pola Vicerreitoría no número de horas totais da titulación na elaboración da Planificación Docente Anual (PDA), restricións que obedecen a criterios exclusivamente económicos como consecuencia dos fortes recortes orzamentarios da Universidade.

Na mesma liña, os recortes orzamentarios provocaron que no curso 2012-13 houbo unha redución de grupos prácticos en todos os cursos, pasando de 3 a 2 en 1º e 2º e de 2 a 1 en 3º. A única excepción foron as materias de 1º idioma estranxeiro, nas que se mantiveron os grupos por considerar que estas materias eran prioritarias por ser instrumentais na adquisición de calquera outra competencia da titulación. Por mor desta redución os grupos prácticos eran moi numerosos e, ademais da merma na calidade docente pola masificación da aula, déronse tamén problemas de tipo práctico, naquelas materias que fan uso de laboratorios ou aulas especiais cun aforo limitado.

Igualmente, no curso 2012-13 comezouse a aplicar o "Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo", tamén coñecido como "Decreto Wert". Esta medida conleva unha intensificación docente para unha parte do profesorado, que se ve na obriga de impartir un gran número de materias. En ocasións, as materias débense fragmentar para satisfacer as necesidades do POD. Esta situación, que previsiblemente vai empeorar nos vindeiros anos, xa comezou a suscitar moito malestar entre o profesorado afectado, que debe enfrontarse a unha gran carga docente con metodoloxías moi esixentes en tempo e dedicación, pero tamén entre o alumnado, que se queixa do feito de ter varias/os docentes para unha mesma materia.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

- Nomear coordinadoras/es de curso e/ou coordinadoras/es "verticais" que faciliten a maior coordinación do profesorado na planificación de actividades docentes (evitando acumulación de tarefas en momentos concretos do curso; coordinando os niveis de lingua impartidos en cada materia etc).

Non foi posíbel, dado que a Vicerreitoría de Profesorado non contempla ningún recoñecemento por este labor de coordinación e o profesorado non quere asumir esta tarefa gratuitamente.

- Redacción dunha normativa de elaboración de horarios docentes.

Non se levou a cabo por considerar o Vicedecano de Ordenación Académica que xa existe unha normativa. Non obstante, a normativa existente é moi anterior á implantación dos graos e debe ser adaptada á nova realidade docente.

#### Buenas prácticas

- Continuouse coa análise xeral por parte do centro do sistema de avaliación de todas as materias do grao, para asegurar que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua e ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas regularmente.

- Continúan levándose a cabo xuntanzas cuatrimestrais entre a coordinadora e o alumnado e entre a coordinadora e o profesorado para avaliar o desenvolvemento da docencia e detectar os problemas presentados ao longo do curso.

#### Propuestas de mejora

- Redacción dunha normativa de elaboración de horarios docentes, unha vez extinguidas as licenciaturas e implantadas por

completo as novas titulacións.

- Solicitarlle á Vicerreitoría que se recoñeza en POD a avaliación dos Traballos de Fin de Grao, por ser esta unha obriga docente, segundo a normativa da propia UVigo.
- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemple en POD 2 créditos ECTS de docencia metodolóxica para a materia Traballo de Fin de Grao.
- Solicitarlle á Vicerreitoría a elaboración dun compromiso ético para ser asinado polo alumnado universitario, coa fin de evitar os casos de plaxio nos traballos académicos.

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

RESULTADOS ACADÉMICOS E SATISFACCIÓN POR MATERIAS - LE.rtf

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

## Planificación de las enseñanzas. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Normativa elaboración horarios // Recoñecemento POD avaliación TFG // 2 ECTS presenciais TFG // Compromiso ético contra plaxio

**Punto débil detectado**

Normativa obsoleta. // Obriga docente non recoñecida. // Necesidade de formación do alumnado. // Necesidade de política común da Uvigo.

**Ámbito de aplicación**

Facultade // Universidade // Universidade // Universidade

**Responsable de su aplicación**

Decanato // Vicerreitoría // Vicerreitoría // Vicerreitoría

**Objetivos específicos**

- Adaptación da normativa existente sobre a elaboración dos horarios docentes ás novas titulacións.
- Conseguir o recoñecemento en POD dunha obriga docente que actualmente non está recoñecida, o que provoca rexeitamento no profesorado.
- Cubrir as necesidades formativas do alumnado no ámbito metodolóxico antes da realización do TFG.
- Diseñar unha política común da Universidade para evitar casos de plaxio nos traballos académicos.

**Actuaciones a desarrollar**

- Adaptación da normativa existente sobre a elaboración dos horarios docentes ás novas titulacións.
- Solicitarlle á Vicerreitoría o recoñecemento en POD dunha obriga docente que actualmente non está recoñecida, o que provoca rexeitamento no profesorado.
- Solicitarlle á Vicerreitoría que se contemplan en POD 2 créditos en POD de docencia metodolóxica presencial na materia TFG.
- Solicitarlle á Vicerreitoría o deseño dunha política común da Universidade para evitar casos de plaxio nos traballos académicos coa elaboración dun compromiso ético para ser asinado polo alumnado universitario.

**Periodo de ejecución**

curso 2013-14

**Recursos / financiamiento**

Descoñecido

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

Comunicaráselle as propostas 3, 4 e 5 á Vicerreitoría de Profesorado.

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é suficiente en termos xerais. No que atinxe ao persoal académico, as previsións realizadas na memoria de verificación son correctas. Non obstante, como xa se comentou no apartado 5 (Planificación), a intensificación docente que comezou coa aplicación do Decreto Wert supuxo un aumento substancial da carga docente para unha parte do profesorado, o cal é de prever que repercute negativamente na dedicación deste profesorado ás materias das que é responsábel. De igual xeito, a complexidade da nova organización docente implica con frecuencia unha fragmentación das materias entre varias/os docentes, que complica extraordinariamente a coordinación entre o profesorado e o desenvolvemento satisfactorio da docencia. Por este motivo, non podemos cualificar como satisfactorio o grao de cumprimento deste criterio.

No referente ao persoal administrativo, seguimos constatando que a nova estrutura, na que as titulacións dependen todas do centro, baleira de contido a secretaría administrativa do Departamento que reúne a docencia maioritaria no grao (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao tempo que satura a Secretaría do Centro.

Segundo os datos que nos enviou a Área de Calidade, neste grao impartiron docencia no curso 2012-13: 16 titulares de Universidade, 1 catedrática, 2 titulares de Escola Universitaria, 4 contratadas/os doutoras/es, 1 asociada, 2 PDI a tempo completo (profesoras A3TC transformadas), 3 investigadoras en formación, 1 bolseira FPU e 1 lectora. O número de quinquenios de docencia é 70, o que indica que a experiencia docente do conxunto é elevada. O número de sexenios é 31. Hai que sinalar o feito de que, por mor das restricións orzamentarias, neste curso 2012-13 o Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, responsábel maioritario da docencia do grao, prescindiu de todo o profesorado contratado interino e do profesorado asociado, polo que todo o persoal docente encargado da docencia era estábel, agás o caso da

lectora e das investigadoras en formación, que poden impartir un máximo de 60 horas anuais.

O alumnado manifesta unha maior satisfacción có ano pasado co persoal de administración e servizos do centro: 4,63/7,00 (2011-12: 4,16).

A información sobre o profesorado está na páxina web do centro. Malia esta información, que consideramos completa, entendemos que sería máis clara a xebra do profesorado por titulación.

O procedemento PA05 está deseñado para a captación, selección e formación do profesorado. Con todo, nas actuais circunstancias, non hai practicamente contratacións e si despedimentos de profesorado asociado.

Non se produciron cambios no profesorado que imparte o título, agás cambios puntuais na asignación de materias en POD.

Na Comisión de Calidade analízanse as queixas, suxestións e enquisas relacionadas co profesorado. Nas reunións de coordinación tamén se discuten aquelas cuestións que se refiren ás necesidades xerais do profesorado.

Non hai un procedemento documentado sobre a revisión da adecuación do profesorado ás necesidades do título, pero os departamentos, na elaboración do POD, utilizan criterios cualitativos para a asignación da docencia.

O PAS é adecuado ó título, tanto o correspondente á área académica, coma o de biblioteca e servizos xerais.

Produciuse un cambio na concesionaria do servizo de comedor debido ás queixas que a anterior acumulaba.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

- Transmitirle ao órgano responsable da Universidade de Vigo a necesidade de incentivar a participación do profesorado en cursos de anovamento pedagóxico, recoñecendo, por exemplo, os cursos de formación de profesorado organizados pola propia Universidade na Valoración da Actividade Docente.

#### **Buenas prácticas**

- O Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá (responsable da meirande parte das materias da titulación) continúa a ofrecer información moi completa sobre o seu PDI na páxina web do Dpto:  
<http://webs.uvigo.es/webh04/index.php>

#### **Propuestas de mejora**

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A Facultade de Filoxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais.

Os recursos deben ser sempre mellorados, independentemente da valoración que fagan deles as persoas usuarias. No que atinxe ás plataformas de teledocencia e recursos didácticos en xeral continuaremos facendo un esforzo para que o profesorado os utilice máis e aproveite as vantaxes que poden ter na impartición da docencia.

O alumnado mostra unha satisfacción relativamente alta cos espazos docentes e coas plataformas de teleensino (indicador 75: 4,39/7,00), mellorando os resultados do ano anterior (4,29). Na enquisa propia da titulación, este apartado tamén se avaliou cunha puntuación moi elevada: 5,63/7,00)

Cómpre revisar as instalacións informáticas das aulas para tentar reducir o nivel de ruído provocado polos ventiladores dos ordenadores, que chegan a producir fatiga auditiva, ademais de dificultades para a comunicación entre profesorado e alumnado nalgunhas aulas.

No curso pasado fixéronse algúns cambios que supuxeron un investimento salientable:

- Novo laboratorio de Intepretación no pavillón Newton con 20 postos.
- Cambio de situación e renovación parcial da aula de informática de libre acceso para estudantes.

-Renovación da aula A8 para axeitala á docencia de seminarios, especialmente nos mestrados.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Non había ningunha proposta de mellora.

## **Buenas prácticas**

### **Propuestas de mejora**

Revisar as instalacións informáticas das aulas

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Recursos materiais y servicios. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Revisar as instalacións informáticas das aulas

**Punto débil detectado**

Exceso de ruído producido polos equipos informáticos

**Ámbito de aplicación**

Facultade

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Tentar reducir o nivel de ruído provocado polos ventiladores dos ordenadores que producen fatiga auditiva ademais de dificultades para a comunicación entre profesorado e alumnado.

**Actuaciones a desenvolver**

Revisión dos equipos informáticos.

**Periodo de execución**

curso 2013-14

**Recursos / financiamento**

Descoñecido

**Indicadores de execución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue executada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

O procedemento PC12 do MSGIC está deseñado para esta avaliación.

Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

2010-2011 2011-2012 2012-2013

Taxa de éxito 78,61% 84,30% 85,16%

Número de prazas de novo ingreso ofertadas 40 40 50

Taxa de rendemento 67,15% 69,74% 75,32%

Ratio de prazas demandadas/ofertadas Sen datos 135% 144%

Estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas Sen datos Sen datos Sen datos

Nota media de acceso 7,77 9,07 Sen datos

Variación da matrícula de novo ingreso

no 1º curso respecto ó curso anterior 95,35% 97,56% 135%

Taxa de abandono 14,89% (14 abandonos reais)

Taxa de graduación Sen datos Sen datos Sen datos

Taxa de eficiencia Sen datos Sen datos 96,85%

A matrícula continúa estando por riba das 40 prazas establecidas na memoria. Isto débese non só ao interese que suscita a titulación senón tamén ao feito de que o Decreto 222/2011 aprobado pola Xunta de Galicia obriga as titulacións, para seren consideradas viábeis, a ter unha media de 50 estudantes de nova matrícula no primeiro curso, polo que a UVigo está permitindo que se matricule máis alumnado das prazas establecidas na memoria.

Continuamos observando un aumento na taxa de rendemento, que sobe do 69,74% ao 75,17%. Esta porcentaxe, aínda que mellora, continúa a ser relativamente baixa, polo que cómpre seguir analizando as causas do relativo fracaso materia por materia, xa que se demostra unha dificultade en superar os créditos matriculados. Con todo, a taxa de éxito é de 85,30%, o que indica que a superación dos créditos realmente examinados e superados é moi satisfactoria. Hai un 10% de créditos non presentados.

A taxa de abandono desta titulación é relativamente alta: un 14,89%. Non dispoñemos de datos máis específicos que nos permitan analizar a situación en detalle: por exemplo, descoñecemos en que curso se producen os abandonos ou se estes lle corresponden a unha promoción en concreto ou non. O ano de implantación do grao, producíronse varios abandonos nesa primeira promoción (a que vén de graduarse no curso 2012-13). En cursos posteriores, non parece que se producisen abandonos no mesmo número, pero os datos ao noso alcance non nos permiten facer unha análise axeitada desta taxa.

Malia que a primeira promoción da titulación se graduou na primavera/verán de 2013, aínda non dispoñemos de datos sobre a taxa de graduación. Estes datos nos estarán dispoñíbeis até transcrito un ano da graduación. Unicamente podemos adiantar unha prospección a partir do número de Traballos de Fin de Grao que foron defendidos con éxito: 11 TFG. Tendo en conta que o número total de discentes de 4º era de vinte e cinco (25), conclúese que na primeira promoción se graduou un 46,8% do alumnado de 4º.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

- Supervisión da taxa de éxito da titulación e convocatoria dunhas xornadas sobre avaliación para os docentes convocada polo Vicedecanato de Calidade do centro para estudar e, de ser o caso, corrixir posibles distorsións que incidan nesta taxa nas titulacións implantadas na FFT. A Xornada sobre a Avaliación celebrouse no mes de marzo de 2013 na Facultade de Filoloxía e Tradución, coa participación de docentes do propio centro e tamén convidados doutras universidades. A Xornada foi integramente gravada polo servizo de televisión da UVigo e pódese consultar en liña no enderezo: <http://tv.uvigo.es/es/serial/1709.html>

#### Buenas prácticas

- Organización dunha Xornada sobre a Avaliación en marzo de 2013, coa participación de docentes do propio centro e tamén doutras universidades. A Xornada foi integramente gravada polo servizo de televisión da UVigo e pódese consultar en liña no enderezo: <http://tv.uvigo.es/es/serial/1709.html>

#### Propuestas de mejora

#### Breve descripción de las modificaciones

#### Justificaciones de las modificaciones



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento da accións relacionadas co control da calidade no centro. A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información.

O ano pasado detectáronse certos problemas no proceso de implantación do SGIC.

1. Difusión deficiente do concepto de "calidade" e do propio sistema no centro. Para corrixirmos isto, a Comisión de Calidade fixo públicos os informes de resultados anuais, cunha análise das taxas asociadas ó sistema, do cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, dos resultados das enquisas de satisfacción e dos resultados académicos. Tamén, a aprobación por parte da Xunta de Facultade dos autoinformes correspondentes ó curso 2012-2013 fixo que se coñecese mellor o traballo da CC e o desenvolvemento xeral das titulacións.

2. A excesiva burocratización dos procedementos do SGIC complicaba o traballo dos responsables do sistema e, tamén, a comprensión do propio concepto de calidade. Para simplificar os procedementos, a Área de Calidade da Universidade de Vigo decidiu facer unha proposta de redución dos rexistros asociados, proposta que se discutiu en grupos de traballo formados por membros das comisións de calidade dos distintos centros. Durante os meses de xuño e xullo de 2013 avaliáronse os novos procedementos en dous grupos de traballo formados polos membros da Comisión de Calidade. Destas reunións saíron propostas que foron enviadas á Área de Calidade. En xullo de 2013 os novos procedementos foron aprobados pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.

3. Conseguiuse a participación dun membro do PAS na Comisión de Calidade, pero non houbo candidaturas do alumnado. Cremos que o método de traballo desta comisión é alleo e relativamente pouco interesante para o alumnado.

4. Sobre a aplicación informática en que se almacenan os rexistros asociados ós procedementos do manual do sistema, hai que dicir que este ano se abriu ós coordinadores dos títulos. Isto axudará a que se faga máis doado e áxil o rexistro das probas documentais.

5. Durante o curso 2012-13 rexistráronse as probas documentais asociadas ós procedementos do manual de calidade seguindo o calendario suxerido pola Área de Calidade.

En xaneiro de 2013 fíxose a renovación anual da Comisión de Calidade.

Existen os procedementos PE01 e PM01 para a definición e mellora da política e obxectivos de calidade.

A análise da consecución dos obxectivos de calidade do centro pódese consultar no apartado "xustificación".

En setembro de 2013 o Vicedecanato de Calidade solicitou dos membros da facultade a opinión sobre os obxectivos de calidade vixentes e sobre unha proposta de mellora. Recibíronse 5 respostas que foron avaliadas na Comisión de Calidade da última semana de outubro de 2013.

Consúltense os apartados sobre competencias e obxectivos e planificación deste autoinforme para a análise dos datos sobre resultados académicos.

O MSGIC recolle procedementos que avalían todos os apartados da memoria. Os datos obtidos serven para a planificación do curso seguinte.

#### CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Difundir o concepto de "calidade" no centro. En maio de 2013 convidouse a tódolos membros da Xunta de Facultade a participar nunha reunión aberta da Comisión de Calidade na que se ían expoñer os novos procedementos do MSGIC. Recoñecemos que a convocatoria non tivo éxito, xa que só asistiron 2 profesores alleos á Comisión. Como xa se comentou, tamén se solicitou a colaboración da Facultade para o deseño dos novos obxectivos de calidade. A resposta foi moi baixa. De todo isto tiramos a conclusión de que os procedementos de calidade seguen a ser pouco considerados. Cremos que hai que buscar a maneira de estender a cultura da calidade a tódolos interesados, aínda que entendemos que é un labor extremadamente difícil. O anterior non quere dicir que haxa un rexeitamento a colaborar cos procesos de mellora continua da docencia e da xestión. O profesorado considera que esa mellora é fundamental, e nela está implicado, pero non valora suficientemente o sistema de calidade.

#### **Buenas prácticas**

Comisión de Calidade aberta.

Redacción conxunta dos obxectivos de calidade.

#### **Propuestas de mejora**

Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Sistema de Garantía de Calidade. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

**Punto débil detectado**

Pouca implicación no desenvolvemento do SGIC

**Ámbito de aplicación**

Facultade

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Conseguir que o concepto de calidade se difunda e se entenda no ámbito da Facultade.

**Actuaciones a desenvolver**

Elaboración de documentos sintéticos sobre aspectos concretos da calidade.  
Seguir convidando a todos os membros da facultade ás reunións da Comisión de Calidade.

**Periodo de execución**

Curso 2013-14

**Recursos / financiamento**

Sen custo

**Indicadores de execución****Observaciones**

A cumprimentar solo si fue executada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimientu/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A implantación do título realizouse sen ningún problema en 2009.

Non se prevén modificacións no calendario de implantación do grao.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos e non causan ningún problema.

A titulación de Filoloxía Inglesa que se extingue segue mantendo plena vixencia (cursos 4º e 5º).

O cronograma de implantación está público en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion)

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada en [http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion](http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1384:le10--calendario-de-implantacion)

**Buenas prácticas****Propuestas de mejora****Breve descripción de las modificaciones****Justificación de las modificaciones**



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores**



**ACCIÓN-RECOMENDACIÓN GRAO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS.odt**

**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".



TÁBOA LINGUAS ESTRANXEIRAS 12-13.docx



**Evidencia de:**

Grado en Linguas Extranxeras

**Adjuntar tabla síntesis de accións de mellora**



Plan de melloras global 2012-13 LE.docx